

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2015 orzáronse 200.000 euros para levar a cabo un dragado de cota-2 metros e amecer un pantalán novo no peirao parello á Praza do Conde de Fontao no Concello de Foz. Á realidade é que eses 200.000 euros non foron investidos, descoñecendo os veciños e veciñas de Foz, as persoas usuarias do pantalán e os mariñeiros para onde foron eses cartos. Na comisión de pesca xustificaron a non realización da obra por mor dos problemas medio ambientais que provocarían os vertidos dos lodos tendo en conta a normativa legal.

O ano que corre órzanse 170.000 euros, en principio coa mesma finalidade. Na comisión de pesca realizouse a pregunta básica de como era posible realizar a mesma obra por 30.000 euros menos. A resposta do goberno foi que a obra a realizar, o dragado, ía ser de cota-1metro ou sexa o 50% menos que o ano anterior.

Asemade, tamén se preguntou polas previsións para dragar o peirao de Tupide e a resposta foi que non tiñan intención de facelo porque ningún colectivo o solicitara. O goberno segue negándose a atender as reivindicación xustas das persoas usuarias dos pantaláns e peiraos de Foz. Máis aínda, a pesar de non reunir as condicións esixibles por lei no relativo ao calado,

néganse a aplicar unha bonificación nos recibos a todas as embarcacións (non só as de menos de 6 metros e 25 cv.).

Na actualidade a Asociación “A Ribeira” de Foz ten expresado publicamente en entrevistas con responsábeis de distinto nivel esta problemática e a esixencia de solucións. Problemática que se estende ao sector da pesca de A mariña que reclaman dragados para gañar calado e garantir a operatividade da flota así como infraestruturas. Estas reivindicación xa son sobradamente coñecidas pola Consellaría do Mar en reunión mantida en Burela e á que non asistiu o responsábel de Portos de Galicia.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Proceder ao desenvolvemento dos proxectos de dragado do Porto de Foz e do Peirao de Tupide na vila de Foz.
- Presentar un cronograma acompañado do proxecto e das partidas orzamentarias que vaian dirixidos a solucionar os problemas de dragado nas dársenas de Celeiro, e Burela.
- Presentar as medidas que se van adoptar para mellorar o espigón de Morás en Xove.”

Pazo do Parlamento, a 05 de febreiro de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asdo.: Consuelo Martínez García



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2016 09:30
Nº Rexistro: 46693
Data envío: 05/02/2016 09:24:30.842

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 05/02/2016 09:23:59

María Consuelo Martínez García na data 05/02/2016 09:24:08

